25.11.2022 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.ª DE VIGO

FAUSTO, JUAN DE LA RUBIA

UN MITO UNIVERSAL

Fai máis dunha década, en 2011, Juan de la Rubia levou por primeira vez á práctica unha idea que empezara a xestar uns anos antes: acompañar improvisando ao órgano a película *Fausto* de F. W. Murnau. Desde entón, o seu traballo musical ao redor desta obra mestra do cinema mudo foi ido medrando e evolucionando ao mesmo tempo que se abría un oco no repertorio habitual deste intérprete. Posteriormente, improvisou sobre películas en órganos moi diferentes, desde os de Cadaqués (Xirona), Balmaseda (Bizkaia), Zumaia (Gipuzkoa), Vall de Uxó (Castelló), Vitoria e Pola de Siero (Asturias), ata os impoñentes instrumentos da Maison de Radio France (París), a Catedral de Pamplona, a Basílica de Santa María de Mahón, os Venerables en Sevilla, a basílica de Saint Sernin de Toulouse e o Palau da Música Catalá de Barcelona, entre outros. O resultado sempre é diferente, e depende a partes iguais do instrumento escollido, do espazo no que se sitúa e, está claro, da inspiración do momento.

Aínda que a improvisación foi sempre unha parte intrínseca da actividade dos organistas, o cinema mudo, xa no século XX, abriu unha porta a unha nova modalidade que se engadía ás habituais, que tiñan lugar no marco da liturxia ou ben no dun concerto. Máis aló do exercicio musical, hai un exercicio intelectual tras este tipo de improvisación, que fai recomendable —case o esixe— incluír referencias culturais en grao sumo diverso. Así, entre os aspectos para valorar e gozar atópase a habilidade do músico para incluír referencias a melodías doutros compositores, de usar *leitmotivs* (melodías que soan cada vez que aparece en escena un determinado personaxe, obxecto ou concepto) e mesmo a capacidade de usar o humor e a ironía para interactuar coas imaxes.

O mito de Fausto, o home que vende a súa alma ao diaño a cambio da sabedoría infinita e os praceres mundanos, está moi presente na literatura, a pintura e tamén o cinema. A súa historia, procedente dunha lenda xermánica, abre a porta a un abanico impresionante de emocións que moitos artistas quixeron plasmar: a fe, o medo, o sacro, o diabólico, a mocidade, a vellez, e un longo etcétera. Goethe, Mann, Marlowe, Wagner, Berlioz, Gounod, Boito, Schumann, Liszt e Mahler son só algúns dos creadores que se viron seducidos polos encantos dun personaxe e unha narración que acabaron sendo universais.

Juan de la Rubia e Pep Gorgori

PROGRAMA

— *Fausto,* de F. W. Murnau
Juan de la Rubia, órgano

Película de cinema mudo con improvisacións ao órgano